



**A/A D. RAMÓN ARES, XERENTE DA ÁREA SANITARIA DE LUGO , A MARIÑA E MONFORTE**

No hospital comarcal de Monforte, reiteradamente, vimos detectando por parte da subdirectora de enfermaría o incumprimento das normas propias do SERGAS e da lexislación vixente, sexa cal for a materia.

Isto está a provocar unha desprotección nas/os traballadoras/es e unha vulneración dos dereitos do persoal; así como un baleiro legal, xa que toda petición non contestada pode se entendida como silencio administrativo positivo.

Esta situación incrementouse no referente ao incumprimento, por parte da subdirectora de enfermaría, dos protocolos de saúde laboral de protección das/os traballadoras/es fronte á COVID-19, e das propias ordes do Ministerio de Sanidade nesta materia.

En concreto, estámonos a referir a minimizar, no posíbel, a exposición do persoal fronte á COVID-19. A decisión desta subdirectora de enfermaría para garantir a atención na residencia de maiores de Bóveda, foi establecer unha rotación das enfermeiras entre o hospital de Monforte, libre de COVID-19, e esta residencia. En vez de realizar unha contratación específica para este centro.

Por outra parte, ás solicitudes cursadas mediante escrito por parte do persoal esta subdirectora contesta verbalmente. Entendemos que as solicitudes do persoal referentes a permisos, licenzas, excedencias e outros, teñen a obriga de contestar por escrito.

Se a subdirectora de enfermaría non se considera competente para realizar esta función, inherente ao seu cargo, solicitamos que se estableza dentro do hospital de Monforte, ou na Xerencia á cal pertencemos, os procedementos correspondentes. Todo isto para rematar coa indefensión das/os profesionais e que exista no centro o procedemento de denegación das licenzas e permisos por escrito.

Reiteramos, a nosa petición, de que se lle faga chegar á subdirectora de enfermaría a súa obriga de cumprir todas as instrucións e protocolos de actuación fronte á COVID 19, do contrario veríamonos na obriga de iniciar as medidas de denuncia que consideremos oportuno.

Así como a obriga de contestar por escrito ás peticións das/os traballadoras/es.  
Atentamente,

Vicente Vázquez Vázquez, delegado sindical de CIG-Saúde no Hospital Público de Monforte